



Asunto: Resolución de inscripción de modificación de estatutos.

Con data 23 de febreiro de 2022 recibíuse solicitude de inscripción da modificación dos estatutos, formulada por MANUEL FERNANDEZ PRADO en nome e representación da ASOCIACION ALUME SAUDE MENTAL, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. **1997/001662-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral en data , así como o texto íntegro dos estatutos que substitúen aos anteriormente inscritos e que conteñen os requisitos esixidos na normativa vixente. Constan entre outros datos, os fins da Asociación, o ámbito territorial de actuación correspondente a Provincia de Lugo e o novo domicilio en: RUA ILLA COELLEIRA, 3, Baixo^o Dta 27002 Lugo (Lugo).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeira. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segunda. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceira. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarta. Esta Xefatura Territorial é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir os estatutos modificados da ASOCIACION ALUME SAUDE MENTAL e depositar no rexistro a documentación preceptiva sinalada no feito único desta

SERVIZO DE XESTIÓN TÉCNICO ADMINISTRATIVA E INTERIOR
XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Edificio Administrativo da Xunta de Galicia. Rolda da Muralla 70, planta 1ª
27071 Lugo
T. +34 982 294333
Correo electrónico: asociacions.lugo@xunta.gal





resolución, para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, na data da sinatura dixital

O xefe territorial

Gerardo Criado Guizán



ESTATUTOS DE ALUME SAÚDE MENTAL

CAPÍTULO I: DENOMINACIÓN, OBXECTIVOS, DOMICILIO E ÁMBITO

Artigo 1.- Os presentes estatutos corresponden á asociación denominada "ALUME Saúde Mental", tamén coñecida por "ALUME", que se rexerá pola Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo e normas complementarias, con capacidade xurídica plena e capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2.- O fin da Asociación é promover a recuperación, a integración social e a mellora da asistencia e da calidade de vida das persoas que padecen trastornos mentais e dos seus familiares, así como a defensa dos seus intereses e dereitos.

Artigo 3.- Para levar a cabo este fin, a Asociación poderá:

- 1.- Promover na sociedade unha actitude realista e comprensiva dos problemas dos que padecen enfermidade mental.
- 2.- Promover e potenciar iniciativas que favorezan a súa integración laboral.
- 3.- Organizar actividades e crear servizos de tipo ocupacional, laboral, educativo, cultural, residencial, de lecer, etc. acordes cos seus fins.
- 4.- Instar ante as autoridades políticas e administrativas medidas que faciliten a integración social dos que padecen enfermidade mental.
- 5.- Actuar como punto de referencia e apoio para persoas que padecen enfermidade mental, familiares e amigos, así como ser un espazo para o intercambio de experiencias e mutua axuda.
- 6.- Ser titor dos incapacitados por enfermidade mental cando así conveña, se acorde en forma e se tramite polas canles legais.
- 7.- Procurar relacións de colaboración e federarse con entidades afíns.
- 8.- Realizar calquera outra actividade que, dentro da legalidade vixente, sirva para a consecución dos seus fins.
- 9.- Promover a igualdade de sexos no cuidado dos enfermos, có fin de evitar a carga que tradicionalmente soportan as mulleres das familias.
- 10.- Realizar actividades formativas coas persoas que padecen enfermidade mental con obxecto de aumentar a súa concienciación sobre o coidado medioambiental.

Artigo 4.- ALUME ten o seu domicilio social en Lugo, rúa Illa Coelleira, 3, baixo dereita, 27002 Lugo.

Artigo 5.- ALUME desenvolverá a súa actividade no ámbito da provincia de Lugo.

Artigo 6.- Esta asociación ten unha duración indefinida

CAPÍTULO II: XUNTA DIRECTIVA

Artigo 7.- ALUME será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro, e entre un e cinco vocais, segundo decisión da Asamblea Xeral no momento da elección dos membros da Xunta Directiva. Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva serán de baldes. Estes serán designados e revocados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de catro anos. Só poderán formar parte da Xunta Directiva os asociados. Para ser membros da Xunta Directiva é necesario ser maior de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.



Artigo 8.- A elección da Xunta Directiva realizarase por candidaturas conxuntas, onde figuren tódolos cargos a cubrir. Resultará elixida a candidatura que obteña a maioría cualificada dos votos. Se na primeira votación non resultara elixida ningunha candidatura, eliminaráse a última candidatura e se realizaría outra votación. Se entre as dúas últimas candidaturas ningunha acadase a maioría cualificada, a Xunta Directiva saínte prorrogaría o seu mandato durante un ano, prazo no que deberá convocar unha nova Asemblea Extraordinaria. Só en caso de vacantes pódese someter á decisión da Asemblea a elección de membros individuais da Xunta Directiva, segundo o establecido no artigo 19.

Artigo 9.- A revocación dos membros da Xunta Directiva pódese acordar para membros individuais ou para a Xunta en conxunto. Nos dous casos é necesario acreditar o incumprimento das obrigas que teñan encomendadas os afectados, que terán dereito a ser escoitados pola Asemblea, e será necesario o voto favorable da maioría cualificada da Asemblea para determinar a revocación.

Artigo 10.- Os membros da Xunta Directiva poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas e por expiración do mandato.

Artigo 11.- Os membros da Xunta Directiva que esgotaran o prazo para o que foron elixidos continuarán nos seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que lles substitúan.

Artigo 12.- A Xunta Directiva reunirse tantas veces o determine o seu Presidente e a iniciativa ou petición de tres dos seus membros. Queda constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade.

Artigo 13.- Facultades da Xunta Directiva: As facultades da Xunta Directiva abranguerán, con carácter xeral, tódolos actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral. Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixi-las actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executa-los acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 14.- Correspóndenlle ó Presidente as seguintes funcións:

- a) Asumi-la representación legal da Asociación.
- b) Convocar, presidir e dirixi-los debates da Xunta Directiva e Asemblea Xeral.
- c) Subscribir contratos en nome da Asociación.
- d) Outorgar poderes a terceiros.
- e) Xestionar e aceptar subvencións, axudas institucionais, doazóns, legados e herdades.
- f) Exercitar accións e opoñer excepcións.
- g) Visa-las Actas e certificados emitidos polo Secretario.
- h) Firmar co Tesoureiro as ordes de pago en nome da Asociación.
- i) Outras atribucións propias do cargo e as delegadas pola Asemblea Xeral.



j) Adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou adecuada, sen deixar de dar conta con posterioridade á Xunta Directiva.

Artigo 15.- O Vicepresidente correspóndelle asistir ó Presidente nas súas funcións e substituílo en caso de ausencia ou delegación, circunstancias nas que terá as mesmas atribucións que o Presidente.

Artigo 16.- O Secretario terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribíbles ós rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos en que legalmente correspondan.

Artigo 17.- O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

Artigo 18.- Os Vocais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva e as que xurdan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigo 19.- As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os membros restantes da Directiva ata a elección definitiva, en Asemblea Xeral Extraordinaria, do substituto, que exercerá o cargo con plenitude de facultades, durante o tempo que restara para completar os catro anos iniciais.

CAPITULO III: ASEMBLEA XERAL

Artigo 20.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por tódolos asociados.

Artigo 21.- As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrárase unha vez ó ano dentro dos catro meses seguintes ó peche de exercicio; as extraordinarias celebráranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados.

Artigo 22.- As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos a tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar alomenos dez días, podendo así mesmo facerse constar se procedera a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poda mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 23.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, fícarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un tercio dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables a estes efectos os votos en branco nin as abstencións. Cumprirá maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultarán cando os votos afirmativos superen a metade de estas para:

a) Nomeamento e revocación das Xuntas Directivas e administradores.



- b) Acordo para constituír unha Federación de Asociacións ou integrarse nelas.
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Modificación de estatutos.
- e) Disolución da entidade.

Artigo 24.- Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as Contas anuais.
- c) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da Asociación.
- d) Fixa-las cotas ordinarias ou extraordinarias.
- e) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.

Artigo 25.- Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento e revocación dos membros da Xunta Directiva.
- b) Modificación dos Estatutos.
- c) Disolución da entidade.
- d) Expulsión de socios, a proposta da Xunta Directiva.
- e) Constitución de Federacións o integración en elas.

CAPITULO IV: SOCIOS

Artigo 26.- Poderán formar parte da Asociación tódalas persoas físicas, maiores de idade que teñan interese en servir ós fins da Asociacións. A admisión producirase cando a solicitude de inscrición sexa aceptada pola Xunta Directiva.

Artigo 27.- O número de socios será ilimitado e terán todos a mesma clase e condición. A Xunta Directiva poderá nomear "membro honorífico" ás persoas ou institucións que estime oportuno, sen que tal nomeamento carrete a condición xurídica de socio.

Artigo 28.- Quen desexe pertencer á Asociación solicitarao por escrito. A Xunta Directiva resolverá sobre a súa admisión ou rexeitamento, sen que caiba ningún recurso contra tal acordo.

Artigo 29.- Os dereitos dos socios serán:

- a) Asistir, con voz e voto, ás Asembleas Xerais de socios.
- b) Ser elixible para ocupar cargos na Xunta Directiva.
- c) Facer uso dos servizos que a Asociación estableza, de acordo cos fins que se sinalan nestes Estatutos.
- d) Recibir información sobre as actividades que realice a Asociación e das xestións da Xunta Directiva.
- e) Formar parte de grupos ou comisións que puideran formarse.
- f) Causar baixa voluntaria na Asociación.

Artigo 30.- Os socios terán os seguintes deberes:

- a) Satisfacer puntualmente as cotas que se establezan. A Xunta Directiva, previa consideración das circunstancias, poderá eximir do pago da cota a socios individuais.
- b) Formar parte da Xunta Directiva, caso de ser elixido e desempeñar fielmente os cargos.
- c) Cumprir os Estatutos e os acordos da Xunta Directiva e Asemblea Xeral.

Artigo 31.- Causará baixa na Asociación:

- a) Quen voluntariamente o decida e comunique por escrito á Xunta Directiva.



b) Quen incumpra reiteradamente e sen causa xustificada os deberes impostos polos presentes Estatutos. A baixa neste caso farase a proposta da Xunta Directiva, ratificada pola Asemblea Xeral previa audiencia ó interesado se este o solicitase.

CAPITULO V: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 32.- Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de socios, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidera recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.
- c) Calquera outro recurso lícito.

Artigo 33.- O patrimonio inicial da Asociación ou Fondo Social de ALUME é de 0 euros.

Artigo 34.- O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPITULO VI: DISOLUCIÓN

Artigo 33.- Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada ó efecto, por unha maioría de 2/3 dos asociados.

Artigo 34.- Artigo 34.- En caso de disolución da Asociación, o seu patrimonio será destinado na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado ós efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/2002, ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral..

DISPOSICIÓN ADICIONAL. Estes estatutos modifican os estatutos aprobados o 8 de setembro de 2016. Os estatutos orixinais de Alume, aprobados con ocasión da súa constitución, en novembro de 1995, foron asimesmo modificados o 26 de marzo de 2004 e posteriormente o 26 de marzo 2008 e o 28 de xaneiro de 2015. En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicárase a Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias. Lugo, 9 de febreiro de 2022.

DILIXENCIA

Segundo Asemblea Xeral Extraordinaria do 9 de febreiro de 2022 acordouse a modificación do artigo 34, quedando redactado segundo se consigna nos presentes estatutos.



O Secretario
Óscar Rodríguez García



O Presidente
Manuel Fernández Prado

